



Concello de Lugo

ANUNCIO
PROBAS SELECTIVAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA
DE DELINEANTE PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO
DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE (OEP 2015)
SORTEO PÚBLICO. CONFECCIÓN LISTA INTERINOS - .

De acordo á base 8ª das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de delineante pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo (Bop nº 020 do 26 de xaneiro de 2016) se confeccionará unha lista de reservas pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluído/a nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Conforme á base 18ª das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo Concello de Lugo en quenda libre (BOP nº 99 do 2 de maio de 2017) no suposto de empate nas puntuacións finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e, se isto non fose suficiente, pola puntuación nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase por sorteo.

Téndose producido un empate polos seguintes aspirantes:

APELIDOS E NOME	DNI
CARBALLIDO GARCÍA, RAMÓN	***901J
COSTA GRAÑA, JOSÉ ANTONIO	***154E

Convócase ao sorteo público a celebrar **o xoves, día 13 de xuño de 2019 ás 9:00 horas no Salón de Comisións da Casa Consistorial**, sita na Praza Maior, s/n, aos efectos de proceder ao desempate para a confección da lista de interinos na praza de delineante

Lugo, 5 de xuño de 2019
A SECRETARÍA DO TRIBUNAL

Asdo.: María García Ferro.



MURALLA
centro de información